1.- Le o texto e responde as cuestións que se propoñen a seguir:

"A antropoloxía aplicada, a medicina tradicional e os sistemas de coidado natural da saúde. Unha axuda intercultural para os padecemientos crónicos."

Alfonso J. Aparicio Mena

A antropoloxía que estudia a saúde *recoñece a realidade variada* das concepcións, imaxes e representacións dos males (según as culturas e as individualidades) así como os distintos sistemas terapéuticos xurdidos ó longo e ancho do mundo e da historia. A medicina convencional, occidental, científica, imposta hoxe en todo o mundo, pódese compaxinar coas medicinas tradicionais (dependendo da cultura na que nos situemos) dentro de programas ou planes concebidos desde a antropoloxía aplicada á saúde. A antropoloxía teórica estudia, analiza, expón. A antropoloxía aplicada propón solucións e intervencións. A antropoloxía resulta unha ciencia armonizadora de tendencias culturais distintas: interlocutora, bisagra de sistemas e xeitos diversos de entender e conseguir o benestar.

Cuestións:

1) A antropoloxía da saúde é unha subespecialidade da antropoloxía. Sinala que estuda e que recoñece esta subdisciplina a partir do que se di no texto.

2) A que necesidades humanas asociarias a producción que cada cultura fai de sistemas terapéuticos, de prevención e curación dos males.

3) Desde o que se di no texto distingue a "antropoloxia teórica" da "antropoloxía aplicada.

4) Sinala o fragmento do texto onde percibes as dúas dinámicas actuais ás que fai referencia no documento desta unidade: a dinámica de homoxeneizacón cultural e a de valorización de elementos de culturas non hexemónicas.

5) Para conseguir benestar e unha vida con saúde as diferentes culturas elaboran sistemas terpéuticos diversos. Como todo elemento cultural estes poden incluir unha

carga valorativa, unha carga descriptiva e unha carga práctica (de habilidades e procedementos). Sinala os termos do texto onde identifiques a carga valorativa.

2) Le o texto e responde as cuestións que se che propoñen a seguir:

"Antropoloxía aplicada e cooperación ao desenvolvemento. Reflexións desde a fronteira agrícola en Río San Juan, Nicaragua"

Carmen Tomé Valiente

Como antropologa, en colaboración con outros organismos, fun tamén corresponsable da redacción dun manual antropolóxico para técnicos de campo (…) Na súa práctica totalidade estas persoas teñen unha formación vinculada ós estudos agropecuarios e forestais polo que é preciso apoialos nos aspectos vencellados ó traballo social. Habitualmente nos proxectos de cooperación ó desnvolvemento priorízanse os compoñentes productivos e económicos ós sociais. Xeralmente desde unha visión moi tecnicista e tinxida a miudo de etnocentrismo. En moitas ocasións só se obteñen resultados mermados pola incomprensión da cultura campesiña, que no noso caso, presenta elementos claramene indíxenas mestizados con aqueles prropios da colonización española. Por exemplo os ciclos productivos atópanse aínda fortemente relacionados coas fases lunares e factores tales como a "temperatura" que os campesinos atribúen como unha cualidade intrínseca de terras, obxectos, estados de ánimo, enfermedades e remedios, téñense moi en conta para garantizar a fertilidade e a producción, polo que non poden deixar de ser contemplados ó traballar neste contexto.

1) Sinala os dous exemplos (que a antropóloga apunta no texto) sobre a cultura campesiña da que fala, e que avisa que non poden deixar de recoñecerse se se traballa nese contexto.
2) Sinala os motivos que a autora esgrime calificar de pouco exitosos (con resultados mermados) a maioria de proxectos de cooperación.

Solucións do exercio 1:

1) Recoñece e estuda as diferentes concepcións, imaxes e representacións dos males e os diferentes sistemas terapéuticos que xurden en cada cultura ou que xusiron en cada momento histórico para dar resposta ou evitar eses males.
2) As necesidades de previr e curar enfermedades (males) e de procurar o benestar.
3) A antropoloxia teórica estudia, analiza, expón. A antropoloxía aplicada ademais propón solucións e intervencións.
4) Dinámica de homoxeneización: A medicina convencional, occidental, científica, imposta hoxe en todo o mundo. Dinámica de valorización: ...pódese compaxinar coas medicinas tradicionais.
5) Carga valorativa: “concepcións, imaxes e representacións dos males”

Solucións texto 2:

1) As fases lunares relacionanse fortemente cos ciclos productivos. E os campesinos teñen en conta para garantizar a fertilidade e a producción, a “temperatura” (que atribúen como unha cualidade intrínseca) de terras, obxectos, estados de ánimo, enfermedades e remedios.
2) Por que nos proxectos de cooperación ó desnvolvemento se priorizan os compoñentes productivos e económicos ós sociais, fanse desde unha visión moi tecnicista e tinxida a miudo de etnocentrismo. Ademais en moitas ocasións hai incomprensión da cultura á que se refire o proxecto.